

## CULTURA

CESÁREO SÁNCHEZ, DA AELG, ASUMIU A PRESIDENCIA DA FEDERACIÓN EN SUBSTICIÓN DE GUILLEM GRAELLS

# Galeusca apoia a mobilización a prol do galego deste domingo

Os escritores galegos, cataláns e vascos pecharon onte o seu encontro anual criticando as recesións nos dereitos lingüísticos

A. LOSADA

GALICIA

a.losada@xornaldegalicia.com


A Federación Galeusca, formada polos colectivos de escritores en galego, catalán e vasco, amosou o seu "total desacordo coas accións regresivas respecto á normalización lingüística adoptadas polo actual goberno galego" e deulle o seu apoio ás mobilizacións en defensa dos dereitos lingüísticos que se van celebrar en Euskadi, nos Países Cataláns e, en concreto, en Galicia, o vindeiro 18 de outubro en Compostela.

Onte, na clausura da vixésimo sexta edición do encontro Galeusca, a Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), a Euskal Idazleen Elkartea (EIE) e a Associació d'Escritors en Llengua Catalana (AECL) posicionáronse a favor da manifestación que a Plataforma Queremos Galego convocou para o vindeiro domingo. "Non pode ser que os gobernos pretendan dar marcha atrás agora en dereitos que xa estaban normalizados", dí Cesáreo Sánchez, presidente da AELG.

### RELACIONES DURANTE TODO O ANO

Segundo explica Sánchez, neste encontro que se celebrou en Arantzazu do 9 ao 12 de outubro de 2009, baixo o lema *Hizkuntza txikiak, erronka handiak, Petites literatures, grans desafiaments, Literaturas minorizadas, grandes desafíos*, decidíuse tamén "desenvolver durante todo o ano actividades conxuntas de interese profesional", é dicir, manter a relación do colectivo Galeusca, máis alón da xuntanza anual.

"Tendo en conta que somos tres sistemas literarios e tres sociedades con distintos ritmos de construcción da normalidade, precisamos un contacto más fluido, que se avaliará despois na xuntanza anual", dí o presidente da AELG. Froito deste acordo, xa está confirmada a presenza dun escritor vasco nas II Xornadas de Literatura de Tradición Oral *O Mito que fascina: do lobo ao lobis-home*, que se celebrarán en Lugo



O galego Cesáreo Sánchez, o vasco Fito Rodríguez e o catalán Guillem Jordi Graells, desde a esquerda

AELG

os días 16 e 17 de outubro, así como de varios literatos cataláns e vascos no Congreso de Xóvenes Escritores previsto para novembro.

Por outra banda, o voceiro dos escritores en lingua galega asume desde agora a presidencia da Federación Galeusca, cumplindo co sistema de rotación establecido e en substitución de Guillem Jordi Graells (Presidente de AECL). Xa que logo, Galicia será a encargada de organizar a vindeira edición do encontro Galeusca e a súa primeira acción desde o cargo será unha xuntanza coa ministra de Cultura, Ángeles González Sinde, que xa está solicitada, pero non ten data ainda.

Ademais, os membros da Federación Galeusca amosaron a súa solidariedade cos imputados no xuizo contra a dirección do diario *Eskaldunon Egunkaria* e fixeron unha defensa da liberdade de expresión. ■

### CAMBIOS NOS DEREITOS DE AUTOR

Os colectivos de escritores da Federación Galeusca acordaron tamén na xuntanza celebrada esta fin de semana en Euskadi recomendar aos seus representados que empreguen os modelos de contrato tipo pactados por literatos e editores cataláns, xa que "poden ser máis eficaces na defensa dos dereitos do autor nestes tempos", asegura Cesáreo Sánchez, presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG). Estes novos documentos rachan a tendencia a ceder os dereitos de autor en todos os formatos e en todas as traducións da obra, algo que está ata o de agora moi viviente no sector do libro. "Agora

o autor resérvase a posibilidade de negociar independenteamente a publicación dos seus textos en diferentes linguas, ou as reedicions", explica Sánchez. Do mesmo xeito, "a tendencia é a asinar contratos indefinidos, pero agora é más recomendable acortar a duración", segundo o presidente da AELG, quen comenta que lle enviará o documento tipo catalán aos editores galegos para intentar que o asuman nas súas relacións comerciais. Galeusca tamén fai voto de estar pendente da subcomisión parlamentar que estudará a revisión da Lei de Propiedade Intelectual, así como do desenvolvemento do mercado do libro electrónico.